

ULTIMATO Á TERRA

Robert Wise, 1951


1810

ESTREA EN NUMAX: 13.08.2026 | V.O.S.E. | 89 min

Unha nave extraterrestre chega á Terra coa misión de entregar ao ser humano unha importante mensaxe. O mundo enteiro fica conmocionado o día en que, sen previo aviso, un platillo aterra en Washington e del sae Klaatu, un alieníxena de aspecto humano acompañado de Gort, un ameazante robot.

«Un filme referencial, soberbiamente realizado, que revestiu un xénero ridiculizado cun grao de dignidade e respectabilidade»

Angie Errigo, EMPIRE



O home das estrelas

Klaatu vén en son de paz, ou máis ben a avisar da próxima destrución do mundo se os homes non acougan nas súas paranoias, medos e confrontacións. O home das estrelas trata de dar a súa mensaxe profética aos grandes mandos dos países do mundo a través de Nacións Unidas, misión imposible. Despois logra contactar cos científicos do mundo para que eles á súa vez transmitan a mensaxe. O medo ao descoñecido, e tamén como di Klaatu, unha humanidade que se rexe máis polo temor que pola razón, fai que o home das estrelas non sexa moi ben recibido e que por suposto vexa continuamente a súa vida en perigo...

Ultimato á Terra é unha das películas chave do xénero de ciencia ficción. Xorde nos anos da Guerra Fría e sèrvese do argumento de explicar o presente a través do futuro ou doutros mundos existentes no inmenso universo. A súa mensaxe non deixa de ser complexa. Algúns falan de pacifismo. Con todo Klaatu deixa claro en todo momento que é superior aos humanos, que a súa intelixencia está moito máis desenvolvida, e o que finalmente deixa é un aviso contundente: o comportamento dos humanos está a poñer en perigo a paz espacial. A decisión é irrevogable, se os humanos persisten na súa autodestrución e por tanto en ser unha ameaza... serán destruídos. Moi pacifista non é a mensaxe, moito marxe para o diálogo, de acción e transformación non deixan aos seres humanos (alén de evidenciar a súa incapacidade para conseguir un consenso, un debate, ou un simple diálogo).

Robert Wise, director que non tiña medo a ningún xénero e que deixou a súa filmografía chea de títulos brillantes (pero non tan difundidos como as doutros directores da súa xeración), atreveuse coa ciencia ficción. *Ultimato á Terra* reflicte non só o ambiente complexo e de medo no que estaban afundidos os americanos nos anos cincuenta, senón que tamén avisa de que o continuo enfrontamento (a Guerra Fría) non é a mellor opción (de novo a contradición e complexidade do fondo desta película).

A través de Klaatu enténdese que o home moderno evolucionou, por exemplo, nas ciencias (e que aínda queda un camiño moi longo) pero que segue sendo primitivo en cuestións morais e éticas. Primitivo na convivencia, en espírito. O home é autodestrutivo, capaz de crebar o propio sitio onde habita, a Terra. *Ultimato á Terra* conta con seres do máis aló, efectos especiais, con doses de intriga, acción e elementos do cine de terror (e certa atmosfera de cine negro).

Unha película que ten un encanto especial alén de ofrecer un visionado rico en interpretacións e miradas. E pioneira non só no xénero de ciencia ficción (existen ilustres exemplos anteriores pero esta inauguraría unha etapa rica en títulos –unha boa sesión dobre sería a contemplación de *Ultimato á Terra* e d'*A invasión dos ladróns de corpos* de Don Siegel seguido dun bo debate sobre a Guerra Fría– e un xénero que continua en evolución) senón tamén na temática de mostrar homes das estrelas non como ameaza, senón como intelixencias superiores en son de paz. Así Klaatu ten unha amable descendencia que vai de *Starman*, a *Encontros na terceira fase*, pasando por *E.T. o extraterrestre* ou *Cocoon*.